

A Cor

É importante saber se o noso equipo informático ten unha correcta calibración da cor, tanto o programa que utilicemos coma o monitor onde o vemos; nunca está de máis ler as instrucións proporcionadas polo fabricante de cada un de estos componentes para un bo axuste da cor.




Estas fotografías son un exemplo (un pouco esaxerado) das diferencias entre unha fotografía con uns valores correctos (cor, saturación e contraste) e outra onde foron corrixidos con unha mala xestión da cor, un monitor con un excesivo brillo, con unha dominante de cor verde e un valor de gamma desaxustado provocan a "descorrección" dunha fotografía orixinalmente correcta.

O tamaño

As medidas mínimas para participar en este concurso son:

1600x1200 px. ou 1200x1600 px.



Dependendo de se a fotografía é horizontal ou vertical, recalcamos este punto, xa que **non se aceptarán tamaños inferiores**, no caso de enviar fotografías de maior tamaño adaptaranse proporcionalmente a unhas medidas adecuadas para a súa visualización na web, procurando non alterar a calidade da imaxe, por iso recomendamos que se envíen xa adaptadas a un tamaño razoábel para a súa publicación, isto é que o arquivo JPEG (comprimido) non sobrepase os 200 Kb. (aproximadamente unhas medidas de 1600x1200 px. coa compresión JPEG ó 75%).

A proporción da imaxe pode ser variábel, recordando sempre que canto máis nos alonxemos do formato da pantalla (4:3) peor veremos a imaxe.

O formato

Cando abrimos e gardamos repetidas veces un arquivo JPEG, prodúcese unha perda de información debido ó uso dun algoritmo de compresión, por iso é importante facer as correccións necesarias na imaxe sobre un formato que non xere perdas de información, coma TIF, PSD, etc. e posteriormente, cando obteñamos a imaxe definitiva, gardarase unha copia en JPEG, sempre mantendo un orixinal en un formato de arquivo sólido.

Cando se graba un arquivo JPEG nun CD non existen perdas xa que non podemos "sobre-escribir" o arquivo e por tanto este non se modifica.